

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026716	IES Plurilingüe Adormideras	A Coruña	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Economía	1º Bac.	4	140

Réxime
Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	18
4.2. Materiais e recursos didácticos	19
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	20
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	22
6. Medidas de atención á diversidade	31
7.1. Concreción dos elementos transversais	33
7.2. Actividades complementarias	34
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	34
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	36
9. Outros apartados	37

## 1. Introdución

A materia proporcionalle ao alumnado coñecementos económicos para entender a sociedade na que vive, trata de despertar o seu interese e promover, tras unha análise crítica, iniciativas dirixidas a actuar sobre a propia realidade. Así mesmo, pon a súa disposición ferramentas que lle permitan tomar decisións tanto individuais como colectivas, con repercuśóns económicas e financeiras de maneira razoada e responsable.

A formación en economía faise necesaria nun contexto globalizado no cal se están levando a cabo profundas transformacións, aceleradas pola incorporación das novas tecnoloxías a diferentes esferas da nosa vida. A dixitalización está a cambiar non só a estrutura produtiva global e a estrutura económica e financeira, senón tamén a propia sociedade no seu conxunto. Canto mellor entendamos o mundo no que vivimos, máis capaces seremos de tomar decisións que permitan mellorar a nosa vida e a nosa contorna.

Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos. Os indicadores económicos como o PIB, o desemprego, a inflación ou o déficit público están continuamente presentes nos medios de comunicación, e isto xera unha crecente demanda de información e formación na medida que nos afecta para tomar decisións nas que no sentimos implicados. O estudo da economía axuda a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita a análise e afondamento nas relacións humanas e proporciona ferramentas para examinar con espírito crítico a realidade social.

Os retos e desafíos que se presentan no mundo actual fan necesaria a interconexión de distintos ámbitos, entre outros, o económico, social, cultural e ambiental. É preciso coñecer e tomar conciencia de como as nosas decisións e formas de vida afectan ao clima, aos recursos dispoñibles, á biodiversidade e á propia sociedade. Esta reflexión está presente en todos os países do mundo e deu como froito o compromiso que supoñen os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) como intento para enfrentarse convuntamente aos principais desafíos de cara ao futuro.

O currículo, que aborda aprendizaxes significativas, funcionais e de interese para o alumnado, está organizado ao redor da adquisición duns obxectivos que desenvolven diversos aspectos: Tratan de explicar como a escaseza condiciona os comportamentos económicos individuais e colectivos, propoñen analizar a realidade utilizando ferramentas que permitan estudar a economía desde unha perspectiva micro e macroeconómica e, por último, proporciona ferramentas de intervención económica, como as políticas económicas, e expoñen os retos da economía actual para os que hai que buscar novas solucións.

Os criterios de avaliación que se derivan dos mencionados obxectivos, están deseñados para comprobar o grao de consecución dos mesmos por parte de alumnado.

Os criterios de avaliación e o contidos están estruturados en cinco bloques:

1º. O bloque "As decisións económicas" relaciónnase co estudo do comportamento económico, individual ou colectivo, das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades a partir de recursos escasos e, polo tanto, da toma de decisións económicas a partir da análise da realidade.

2º. O bloque "A realidade económica. Ferramentas para entender o mundo cunha visión microeconómica" vincúlase co coñecemento e uso de ferramentas que permitan que o alumnado entenda a realidade económica desde unha perspectiva microeconómica.

3º. O bloque "A realidade económica. Ferramentas para entender o mundo cunha visión macroeconómica" permítenos profundar no estudo das relacións humanas e a realidade económica desde un punto de vista macroeconómico.

4º. O bloque "As políticas económicas" está ligado aos instrumentos cos que contan os gobernos para dar resposta aos problemas económicos nun marco globalizado.

5º. O bloque "Os retos da economía española nun contexto globalizado" céñtrase nos retos da economía actual e en identificar as fortalezas e debilidades da economía española.

O estudo da realidade económica, tendo presente a súa interconexión con outras disciplinas, permitirá ao alumnado adquirir unha cultura económica xeral para tomar decisións fundamentadas e participar dunha forma activa no desenvolvemento dos retos da economía actual.

## **2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias**

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX1 - Valorar o problema da escaseza e a importancia de adoptar decisións no ámbito económico, analizando a súa repercusión nos distintos sectores e comparando solucións alternativas que ofrecen os diferentes sistemas para comprender o funcionamento da realidade económica.	2		2		40-50		1-2	
OBX2 - Recoñecer e comprender o funcionamiento do mercado, analizando os seus fallos, para estudar a repercusión destes na contorna e facilitar a toma de decisións no ámbito económico.	2-3		2		40	3	1-2	
OBX3 - Distinguir e valorar o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda recoñecendo, con sentido crítico, os beneficios e os custos que xera, para determinar como se produce o desenvolvemento económico e a súa relación co benestar da sociedade.	2-3				40-50	3-4	1-2	
OBX4 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras relacionadas co investimento, o aforro, os produtos financeiros e a procura de fontes de financiamento para planificar e xestionar con responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	2-3			4	12-40-50		1-2	
OBX5 - Identificar e valorar os retos e os desafíos aos que se enfrenta a economía actual, analizando o impacto da globalización económica, a nova economía e a revolución dixital para propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade.	2-3		4	5	12-40-50		1	
OBX6 - Analizar os problemas económicos actuais mediante o estudo de casos, a investigación e a experimentación, utilizando ferramentas da análise económica e tendo en conta os factores que condicionan as decisións dos axentes económicos, para facilitar a comprensión deses problemas e expor solucións innovadoras e sostibles que respondan a necesidades individuais e colectivas.	3		2		50	3-4	1-2-3	

**Descripción:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

<b>UD</b>	<b>Título</b>	<b>Descripción</b>	<b>% Peso materia</b>	<b>Nº sesión</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
1	Economía: a ciencia das decisións.	Definición de economía. Necesidades, recursos e bens. A escaseza como problema económico básico. O custo de oportunidade e a necesidade de elixir. O estudo da economía: división entre micro e macroeconomía, e economía positiva e normativa. As posibilidades de producción. O crecimiento económico. A economía condutual.	10	16	X		
2	A organización económica e os sistemas económicos.	Recursos, axentes e sectores produtivos. Os sistemas económicos. O fluxo circular da renda. A economía circular.	10	16	X		
3	A empresa e a producción.	Función de producción. Custos, ingresos e beneficios. Obxectivos da empresa. Tipos de empresas. A responsabilidade social da empresa.	10	12	X		
4	O mercado.	Mercado e participantes no mercado. Demanda e oferta. Equilibrio no mercado. Elasticidade-prezo.	10	12		X	
5	Tipos de mercado.	O mercado e a competencia. Competencia perfecta e monopolística. Oligopolio. Monopolio. Teoría de xogos.	10	12		X	
6	O mercado de traballo.	Demandha e oferta de traballo. Produtividade e salarios. Desemprego. Políticas de emprego. Evolución do mercado laboral.	10	12		X	
7	Indicadores e equilibrio macroeconómico.	A economía no seu contexto. Macromagnitudes. Consumo, inversión e aforro.	10	12			X
8	O papel do Estado.	Os fallos do mercado. O estado do benestar. Política macroeconómica.	6	8			X
9	A política fiscal.	Política fiscal. Orzamentos xerais do estado.	5	8			X
10	O diñeiro e o sistema financeiro.	O diñeiro. O sistema financeiro. Os intermediarios financeiros. Os produtos financeiros. O mercado de valores.	10	12			X
11	A política monetaria.	A inflación. A política monetaria.	5	8			X
12	O Comercio internacional. A integración económica. A Unión Europea.	O comercio internacional. Libre comercio e protecciónismo. A balanza de pagamentos. O mercado de divisas. Cooperación económica internacional. A integración económica. A Unión Europea.	2	6			X

UD	Título	Descripción	% Peso materia	Nº sesiones	1º trim.	2º trim.	3º trim.
13	Retos da economía mundial	A globalización. As consecuencias do crecimiento. Crecemento e desenvolvemento. Emigración. O desenvolvemento sostible.	2	6			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Economía: a ciencia das decisións.	16

Criterios de evaluación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender o problema da escaseza, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Recoñece o problema económico básico: recursos escasos e necesidades ilimitadas. Identifica o custo de oportunidade.	PE	90
CA1.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade.	Identifica os diferentes métodos para a análise da realidade económica. Identifica na economía conditual as desviacións da racionalidade económica.		
CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Distingue entre economía positiva e normativa.		
CA1.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Identifica os contidos asociados á unidade na realidade económica empregando os medios de difusión habituais no alumnado e debate sobre as posibles solucións aos retos que se expoñan.	TI	10
CA3.1 - Analizar o problema da asignación de recursos na satisfacción das necesidades, tanto individuais como colectivas -a escaseza-, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Interpreta modelos simples da realidade económica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A economía, as necesidades, os bens e a escaseza. O contido económico das relacións sociais. Pobreza e escaseza. A modelización como ferramenta para entender as interaccións económicas.</li> <li>- O proceso de toma de decisións económicas. A racionalidade. O custo de oportunidade. Os custos irrecuperables. A análise marxinal. Os incentivos e as expectativas. Teoría de xogos. A eficiencia. Risco e incerteza.</li> <li>- Economía do comportamento. Desviacións da racionalidade económica. Decisións económicas e ética. Experimentos ou ensaios económicos.</li> </ul>

## Contidos

- Métodos para a análise da realidade económica: o método científico, a modelización e experimentos ou ensaios económicos.
- A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o seu funcionamento.
- Economía positiva e economía normativa. A intervención do Estado e a súa xustificación. A política económica e os seus efectos.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	A organización económica e os sistemas económicos.	16

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Comprender a realidade económica actual, analizando a repercusión das decisiones adoptadas no ámbito económico, valorando os procesos de integración económica e establecendo comparacións sobre as soluciones alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Identifica os sistemas económicos no ámbito nacional e internacional.	PE	90
CA1.2 - Comprender o problema da escaseza, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Describe a asignación de recursos nos diferentes sistemas económicos.		
CA1.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisiones económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade.	Sintetiza as vantaxes e inconvenientes dos diferentes sistemas económicos.		
CA1.4 - Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando as súas consecuencias e reflexionando sobre as súas posibles soluciones segundo os diferentes sistemas económicos.	Identifica os fallos do mercado e as soluciones propostas polos diferentes sistemas económicos.		
CA1.5 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico, o benestar social e a redución da pobreza valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda.	Valora o papel dos axentes económicos no fluxo circular da renda.		
CA1.6 - Comprender a organización dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social.	Representa o fluxo circular da renda e explica os efectos das decisións dos axentes económicos.		
CA3.4 - Diferenciar os custos e os beneficios xerados no fluxo circular da renda para cada un dos axentes económicos determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social.	Identifica os fluxos reais e monetarios entre os distintos axentes que interveñen na actividade económica definindo o seu papel na economía dun país.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Analiza o papel do Estado nos distintos sistemas económicos.		
CA1.10 - Exportar solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Explora a resposta dos sistemas económicos actuais á asignación de recursos.	TI	10
CA3.3 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda.	Valora o papel dos axentes no desenvolvemento económico e benestar social.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O proceso de toma de decisións económicas. A racionalidade. O custo de oportunidade. Os custos irrecuperables. A análise marxinal. Os incentivos e as expectativas. Teoría de xogos. A eficiencia. Risco e incerteza.</li> <li>- A organización económica e os sistemas económicos; valoración e comparación.</li> <li>- A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o seu funcionamento.</li> <li>- Economía positiva e economía normativa. A intervención do Estado e a súa xustificación. A política económica e os seus efectos.</li> </ul>			

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	A empresa e a produción.	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade.	Identifica os obxectivos da empresa. Identifica os elementos que participan na análise custo-beneficio.	PE	90
CA3.4 - Diferenciar os custos e os beneficios xerados no fluxo circular da renda para cada un dos axentes económicos determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social.	Describe o papel da empresa no esquema do fluxo circular da renda.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Entender o funcionamento do mercado e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando elementos como a oferta, a demanda, os prezos, os tipos de mercado e os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.	Identifica as estratexias de responsabilidade social corporativa de diferentes empresa da contorna.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O proceso de toma de decisións económicas. A racionalidade. O custo de oportunidade. Os custos irrecuperables. A análise marxinal. Os incentivos e as expectativas. Teoría de xogos. A eficiencia. Risco e incerteza.</li> <li>- A elasticidade. Os fallos de mercado. A análise custo-beneficio.</li> <li>- A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o seu funcionamento.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	O mercado.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Entender o funcionamento do mercado e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando elementos como a oferta, a demanda, os prezos, os tipos de mercado e os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.	Define as variables que afectan á oferta e á demanda. Calcula e interpreta o equilibrio no mercado. Calcula e interpreta a elasticidade da oferta e da demanda.	PE	90
CA3.1 - Analizar o problema da asignación de recursos na satisfacción das necesidades, tanto individuais como colectivas -a escaseza-, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Valora na práctica o papel do mercado na asignación de recursos.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Intercambio e mercado. Tipos e funcionamento dos mercados. Representación gráfica.</li> <li>- A elasticidade. Os fallos de mercado. A análise custo-beneficio.</li> <li>- A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o seu funcionamiento.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Tipos de mercado.	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade.	Analiza o proceso de toma de decisións nos mercados de competencia imperfecta e aplica a teoría de xogos.	PE	90
CA2.1 - Valorar a repercusión dos fallos do mercado no eido microeconómico e facilitar o proceso de toma de decisións neste ámbito, recoñecendo e comprendendo o seu funcionamento.	Identifica mercados de competencia imperfecta e valora os fallos no seu funcionamento.		
CA2.2 - Entender o funcionamento do mercado e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando elementos como a oferta, a demanda, os prezos, os tipos de mercado e os axentes implicados e reflexionando sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.	Diferencia os tipos de mercado.		
CA2.3 - Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando as súas consecuencias e reflexionando sobre as súas posibles solucións.	Analiza criticamente os efectos da existencia de mercados de competencia imperfecta.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Teoría de xogos. O dilema do prisioneiro. Xogos repetidos e equilibrios cooperativos.</li> <li>- Intercambio e mercado. Tipos e funcionamento dos mercados. Representación gráfica.</li> <li>- A elasticidade. Os fallos de mercado. A análise custo-beneficio.</li> </ul>			

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	O mercado de traballo.	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Entender o funcionamiento do mercado laboral e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando os axentes implicados e reflexionando sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.	Identifica as características do mercado laboral e interpreta os principais datos. Diferencia os tipos de desemprego. Identifica as políticas de emprego.	PE	90

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.10 - Exportar soluciones socioeconómicas que respondan a necesidades individuales e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía	Analiza a evolución do mercado laboral. Valora políticas de emprego aplicadas ou a aplicar.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Economía laboral. O funcionamento e as tendencias dos mercados de trabajo e o impacto dos custos de despedimento. Tipos de desempleo. Efectos e medidas correctoras. A brecha salarial.

UD	Título da UD	Duración
7	Indicadores e equilibrio macroeconómico.	12

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar o problema da asignación de recursos na satisfacción das necesidades, tanto individuais como colectivas -a escaseza-, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Describe o equilibrio macroeconómico.		
CA3.3 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda.	Calcula e interpreta o crecimiento económico. Diferencia entre crecimiento económico e desenvolvemento.	PE	90
CA3.4 - Diferenciar os custos e os beneficios xerados no fluxo circular da renda para cada un dos axentes económicos determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social.	Calcula e interpreta as macromagnitudes empregando o fluxo circular da renda. Identifica as limitacións das macromagnitudes.		
CA3.10 - Exportar soluciones socioeconómicas que respondan a necesidades individuales e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía	Emprega os indicadores macroeconómicos na comparación da situación dos diferentes países e analiza as políticas económicas aplicadas.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o

## Contidos

- seu funcionamento.
- Crecemento económico e desenvolvemento. Os factores do crecemento. A distribución da renda: relación entre eficiencia e equidade. Indicadores do desenvolvemento social. Benestar e calidade de vida.

UD	Título da UD	Duración
8	O papel do Estado.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando as súas consecuencias e reflexionando sobre as súas posibles soluciones segundo os diferentes sistemas económicos.	Valora a necesidade de intervención do Estado como resposta aos fallos de mercado.	PE	90
CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Identifica os fallos do mercado. Define política macroeconómica e identifica os diferentes tipos como solución aos fallos do mercado.		
CA4.2 - Comprender o problema básico da economía da escaseza de recursos para garantir o estado do benestar e analizar as diferentes alternativas de financiamento e os seus efectos no conxunto da sociedade.	Define estado do benestar e identifica diferentes modelos.		
CA4.3 - Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no estado do benestar e no seu financiamento.	Identifica as fontes de financiamento do estado do benestar.		
CA4.6 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas propias do estado do benestar investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Recoñece e valora, na práctica, os instrumentos e limitacións dos diferentes modelos de estado do benestar.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- A organización económica e os sistemas económicos; valoración e comparación.
- Economía positiva e economía normativa. A intervención do Estado e a súa xustificación. A política económica e os seus efectos.
- A política fiscal. O estado do benestar e o seu financiamento. O principio de solidariedade e os impostos. O déficit público, a débeda pública e os seus efectos. A economía mergullada.
- A política monetaria e a estabilidade de prezos. Funcionamento do mercado monetario. A inflación: teorías explicativas. Efecto das políticas monetarias sobre a inflación, o crecemento e o benestar.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
9	A política fiscal.	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Identifica as distintas políticas fiscais. Analiza, en supostos prácticos, os diferentes enfoques sobre a intervención do Estado na economía e políticas fiscais aplicadas.	PE	90
CA4.2 - Comprender o problema básico da economía da escaseza de recursos para garantir o estado do benestar e analizar as diferentes alternativas de financiamento e os seus efectos no conxunto da sociedade.	Identifica as fontes de financiamento do déficit público.		
CA4.3 - Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no estado do benestar e no seu financiamento.	Identifica os compoñentes dos orzamentos xerais do Estado. Identifica as razóns da existencia da economía mergullada e o seu impacto no estado do benestar.		
CA4.6 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas propias do estado do benestar investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Analiza o estado do benestar como solución ás necesidades individuais e colectivas.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>	
- A política fiscal. O estado do benestar e o seu financiamento. O principio de solidariedade e os impostos. O déficit público, a débeda pública e os seus efectos. A economía mergullada.	

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
10	O diñeiro e o sistema financeiro.	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras relacionadas co investimento, co aforro, cos produtos financeiros e coa procura de fontes de financiamento, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Explica o papel do diñeiro. Identifica os intermediarios financeiros e os produtos obxecto de intercambio.		
CA1.8 - Planificar e xestionar con responsabilidade e progresiva autonomía as finanzas persoais e adoptar decisións fundamentadas a partir do coñecemento e da comprensión do sistema financeiro valorando os elementos que interveñen nas decisións financeiras e os efectos que estes poden provocar na economía real.	Elabora un plan financeiro persoal. Valora a importancia de planificar as finanzas das economías domésticas.	PE	90
CA1.9 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro, do seu funcionamento e dos efectos que se derivan das decisións adoptadas nel e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Manexa conceptos básicos das finanzas persoais.		
CA3.5 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro e a súa evolución na era dixital, analizando as novas tendencias tecnolóxicas que supoñen unha disrupción no sector financeiro, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Identifica os efectos da era dixital no sistema financeiro: novos medios de pagamento, ciberseguridade...		
CA3.7 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro, do seu funcionamento, da súa evolución e dos efectos que se derivan das decisións adoptadas nel e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Manexa conceptos básicos das finanzas persoais nun contexto dixital.		
CA3.6 - Planificar e xestionar con responsabilidade e progresiva autonomía as finanzas persoais e adoptar decisións fundamentadas a partir do coñecemento e da comprensión do sistema financeiro e a súa evolución na era dixital valorando os elementos que interveñen nas decisións financeiras e os efectos que estes poden provocar na economía real.	Elabora un plan financeiro persoal nun contexto de transformación dixital. Valora a importancia de seguir as recomendacións de ciberseguridade na práctica.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Planificación e xestión das decisións financeiras: o investimento, o aforro e o consumo. Diñeiro e transaccións. Funcións do diñeiro e formas do diñeiro. Risco e beneficio. O papel dos bancos na economía. Funcionamento dos produtos financeiros como préstamos, hipotecas e os seus substitutos. Os seguros.</li> <li>- O sistema financeiro, o seu funcionamento e os seus efectos. Evolución do panorama financeiro. O diñeiro. Tipoloxía do diñeiro e o seu proceso de creación.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
11	A política monetaria.	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Analiza, en supostos prácticos, os diferentes enfoques sobre a intervención do estado na economía e identifica as políticas monetarias desenvolvidas.		
CA4.4 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro, da política monetaria e da estabilidade de prezos valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras, como o tipo de xuro, a inflación, o aforro, os produtos financeiros e a procura de fontes de financiamento, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Recoñece causas e efectos da inflación. Explica o funcionamento da política monetaria.	PE	90
CA4.5 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro e da política monetaria e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Recoñece causas e efectos da inflación sobre a súa economía persoal.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>	
- A política monetaria e a estabilidade de prezos. Funcionamento do mercado monetario. A inflación: teorías explicativas. Efecto das políticas monetarias sobre a inflación, o crecimiento e o benestar.	

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
12	O Comercio internacional. A integración económica. A Unión Europea.	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.9 - Comprender os retos económicos actuais en materia de comercio internacional e procesos de integración económica, analizando de forma crítica e construtiva os efectos económicos-sociais a partir da análise de casos reais e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estos retos.	Valora argumentos a favor e en contra do libre comercio e o proteccionismo. Define os diferentes niveis de integración económica. Coñece o funcionamento do comercio internacional.	PE	90

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.10 - Expor soluciones socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía	Analiza con espírito crítico os efectos da integración na economía mundial.		
CA5.1 - Comprender a realidade económica actual analizando as oportunidades e os riscos dos procesos de integración económica entre países e da globalización e a súa repercusión na redución das desigualdades.	Recoñece os efectos na economía dos países dos distintos niveis de integración económica. Recoñece as vantaxes e inconvenientes do proceso de integración europeo.		
CA1.1 - Comprender a realidade económica actual, analizando a repercusión das decisións adoptadas no ámbito económico, valorando os procesos de integración económica e establecendo comparacións sobre as soluciones alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Analiza a repercusión das decisións económicas e valor os procesos de integración económica.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O proceso de toma de decisións económicas. A racionalidade. O custo de oportunidade. Os custos irrecuperables. A análise marxinal. Os incentivos e as expectativas. Teoría de xogos. A eficiencia. Risco e incerteza.</li> <li>- O comercio internacional, os procesos de integración económica e os seus efectos. Proteccionismo e libre comercio. A unión europea e monetaria.</li> <li>- A globalización: factores explicativos, oportunidades e riscos. A converxencia económica entre países e a redución das desigualdades.</li> </ul>	

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
13	Retos da economía mundial	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.9 - Comprender os retos económicos actuais en materia de comercio internacional e procesos de integración económica, analizando de forma crítica e construtiva os efectos económicos-sociais a partir da análise de casos reais e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Analiza de forma práctica as respostas dos procesos de integración económica aos retos actuais.		
CA5.1 - Comprender a realidade económica actual analizando as oportunidades e os riscos dos procesos de integración económica entre países e da globalización e a súa repercusión na redución das desigualdades.	Identifica os factores explicativos da globalización, oportunidades e riscos.	PE	90

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Analizar a escaseza de recursos e a pobreza para comprender os fluxos migratorios identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Identifica as causas da pobreza e propón solucións. Valora as implicacións socioeconómicas dos fluxos migratorios.		
CA5.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen nos retos económicos actuais.	Identifica actuacións a desenvolver polos axentes económicos na procura do ODS.		
CA5.4 - Analizar, con sentido crítico, como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social con relación ao desenvolvemento sostenible e aos retos económicos actuais. Estudo de casos.	Analiza os indicadores de desenvolvemento de diferentes países.		
CA5.5 - Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e no benestar social.	Identifica as externalidades do fluxo circular da renda. Coñece os indicadores de desenvolvemento e relacións co benestar e calidade de vida.		
CA5.6 - Propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostenibilidade a partir da identificación dos retos e dos desafíos que supón a economía actual e analizando, con sentido crítico, o impacto que provoca a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns.	Valora diversas medidas que poidan contribuír á sostenibilidade do estado do benestar. Comprende os factores e consecuencias da nova economía derivadas da revolución dixital.		
CA5.7 - Comprender os retos económicos actuais analizando de forma crítica e construtiva a contorna, identificando aqueles elementos que condicionan e transforman a economía e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Valora a economía colaborativa como alternativa menos desperdiiciadora de recursos. Valora a importancia da implantación dunha economía circular.		
CA5.8 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas con relación aos retos económicos actuais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Identifica os principios básicos da teoría do crecemento económico.		
CA3.8 - Identificar os retos e os desafíos dunha economía global propondo iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostenibilidade e analizando, con sentido crítico, o impacto que provoca a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns.	Describe os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible como resposta aos retos económicos actuais. Coñece e valora a estratexia española de desenvolvemento sostible 2030.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Crecemento económico e desenvolvemento. Os factores do crecemento. A distribución da renda: relación entre eficiencia e equidade. Indicadores do desenvolvemento social. Benestar e calidade de vida.</li> <li>- A globalización: factores explicativos, oportunidades e riscos. A converxencia económica entre países e a redución das desigualdades.</li> <li>- A nova economía e a revolución dixital. A economía colaborativa. A economía circular. O impacto da revolución dixital sobre o emprego e a distribución da renda. A adaptación da poboación activa ante os retos da revolución</li> </ul>

## Contidos

- dixital.
- O futuro do estado do benestar. Sostibilidade das pensións. Os fluxos migratorios e as súas implicacións socioeconómicas.
- Teorías sobre o decrecemento económico.
- Os obxectivos de desenvolvemento sostenible (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía proposta é de ensinanza activa, na que a participación do alumno é o elemento esencial, procurando a súa formación integral como cidadán. Prestarase atención especial á consecución da súa motivación. Trata de dar unha resposta competencial, pasando da aprendizaxe memorística a aplicar o coñecemento a situaciones diversas e cambiantes, cun enfoque interdisciplinar e favorecendo o traballo colaborativo.

No deseño da práctica de ensino e aprendizaxe desta materia consideranse os Principios e Orientacións pedagóxicas do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A selección de recursos didácticos e situaciones de aprendizaxe realizarase atendendo ás condicións persoais e necesidades específicas do alumnado.

Empregaránse múltiples vías (verbal, auditiva, visual...) na presentación de contidos ao tempo que se promoverá que o alumnado exprese o coñecemento empregando diferentes vías.

Empregaránse recursos tecnolóxicos accesibles para todo o alumnado, comprobando que coñecen e son quen de manexar as ferramentas precisas para realizar as actividades propostas.

Exploraránse os obxectivos das tarefas propostas, proporcionando guías de trabalho. No estudo de casos, aplicaranse procedementos que permitan verificar os pasos seguidos dende a formulación ata o resultado final.

Fomentarase a análise crítica dos contidos, actividades e tarefas propostas.

Proporánse tarefas, actividades de síntese con traballos individuais ou grupais que permitan relacionar coñecementos. Resulta fundamental promocionar a participación nos programas e plans educativos do centro que faciliten o desenvolvemento das competencias clave e o tratamiento dos elementos transversais.

Ao inicio de cada unidade didáctica exploraránse os instrumentos de avaliação a aplicar e a súa ponderación.

Deseñaranse e aplicaranse probas e tarefas axustadas ás características do alumnado, actividades de avaliação con diferentes niveis de complexidade, activando diferentes recursos cognitivos.

Avaliación continua nunha ampla variedade de situaciones, evaluando tarefas individuais e grupais. Nas tarefas grupais evaliaránse, ademais dos progresos na aprendizaxe, a implicación e aportacións do alumnado participante.

A avaliação, ademais de informar dos errores cometidos e da puntuación acadada, trasladará propostas de mellora. Deseñaranse criterios de avaliação ou rúbricas para autoavaliación ou coavalidação do alumnado.

No caso de ser preciso realizar atención educativa non presencial procederáse tal como se expón:

- Desenvolvemento das sesións empregando a videoconferencia como ferramenta. Sesións individuais de reforzo ao alumnado que presenta maiores dificultades (desenvoltas en sesións distintas das previstas para a materia nos horarios dos grupos).
- Foros Aula Virtual: facilitadores da comunicación colectiva.
- Mensaxería Aula Virtual: facilitadora das comunicaciones individuais.
- Entrega de tarefas Aula Virtual: facilitan o envío dos exercicios propostos.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto: PENALONGA, A.. Economía. McGraw Hill, 2022.
Aula virtual do centro en webs dinámicas.
Aula de informática.
Software específico libre: openoffice...
Biblioteca.
Plans, proxectos e programas de centro.
Teléfonos móbiles, de ser necesario.
Servizos de videoconferencia: Eduxunta Webex, Falemos Edu.

Espazo dixital de traballo que permite dispoñer dun espazo web online para organizar os contidos das unidades didácticas, repositorio de contidos, documentos e enlaces a outros recursos dixitais; espazo de intercambio e comunicación entre profesorado e alumnado (foros e mensaxería), e de avaliación, seguimento e recuperación (realización de tarefas, cuestionarios, probas ensaio ....).

Plataformas de videoconferencia que permite ao docente interactuar en tempo real co alumnado: compartindo contidos e facilitando a exposición dos mesmos, facendo cuestionarios e exercicios en tempo real e de xeito colaborativo...

Desenvolvemento de actividades de promoción da lectura no ámbito económico.

Desenvolvemento de actividades nos plans, proxectos e programas nos que participa o centro, vinculados aos contidos da materia, fomentando o traballo dos elementos transversais.

O acceso á aula de informática é imprescindible para o desenvolvemento dos contidos.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras sesións do curso co fin de favorecer o coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación educativa.

Formularase como proba escrita (preferentemente un test) co fin de avaliar os coñecementos previos da materia e o nivel competencial do alumnado.

É importante facer unha proba que avalíe os contidos que se teñan da materia (non (todo o alumnado estudou esta materia na ESO) e a metodoloxía e instrumentos de avaliación que a o longo do curso se atopara o alumnado: test, cuestíons breves e problemas prácticos.

Farase unha avaliación inicial en cada unidade da materia.

Permitirá axustar o proceso de ensino ás características que presenta o alumnado.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

<b>Unidade didáctica</b>	<b>UD 1</b>	<b>UD 2</b>	<b>UD 3</b>	<b>UD 4</b>	<b>UD 5</b>	<b>UD 6</b>	<b>UD 7</b>	<b>UD 8</b>	<b>UD 9</b>	<b>UD 10</b>
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>6</b>	<b>5</b>	<b>10</b>						
<b>Proba escrita</b>	90	90	90	90	90	90	90	90	90	90
<b>Táboa de indicadores</b>	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10

<b>Unidade didáctica</b>	<b>UD 11</b>	<b>UD 12</b>	<b>UD 13</b>	<b>Total</b>
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>5</b>	<b>2</b>	<b>2</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	90	90	90	<b>90</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	10	10	10	<b>10</b>

### Criterios de cualificación:

A cualificación de cada avaliação parcial calcularase como media aritmética ponderada das cualificacións de cada unidade didáctica determinada pola aplicación dos instrumentos de avaliação referidos.

Dado que a nota de cada avaliação é numérica exacta, o redondeo será:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

Entenderase superada a avaliação cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

A cualificación da avaliação ordinaria calcularase como media aritmética ponderada das cualificacións de cada unidade didáctica sen aplicar o redondeo.

Dado que a cualificación da avaliação ordinaria é numérica exacta, o redondeo será:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

Os instrumentos de avaliação serán cualificados do seguinte xeito:

- 1) Probas escritas individuais (90%)

As probas constarán de test, preguntas abertas e exercicios de aplicación ou síntese e serán puntuada de 0 a 9 e o restante punto ata 10 corresponderá ó traballo desenvolvido. A avaliação farase por Unidades didácticas, sendo estas o núcleo natural do proceso de ensino-aprendizaxe.

- 2) Actividades e traballos (10%)

En este apartado se sumará a valoración dos seguintes instrumentos segundo unha rúbrica e segundo os estándares que se traballen en cada trimestre. Se irán sumando puntos segundo unha escala de 0 a 100 para cada unidade. Agragarase eta nota (transformada proporcionalmente, ata un punto) na cualificación das unidades correspondentes.

a) Observación diaria do traballo durante as clases: Parte fundamental do proceso global de avaliação, no que se proporán actividades para que o alumno resolva de modo autónomo, algunas propostas polo texto, outras sobre artigos de prensa, outras sobre documentais e vídeos.

b) Caderno de traballo: Recollerá todas as actividades, apuntes e materiais que o alumnado empregue ao longo da avaliação.

c) Blog O eco económico: O alumnado traballará individualmente respondendo a cuestionarios sobre noticias de contido económico.

d): Traballos individuais ou en grupo: Este curso non se contemplan de xeito xeral fazer traballos grupais, aínda que é esencial fomentar o traballo en grupo e polo tanto avaliar a capacidade de cada individuo para coordinarse e respectar as decisións e opinións dos seus compañeiros. Poderán ser individuais ou en grupos pequenos (2 ou 3 persoas) sobre temas de interese para os contidos da materia coa finalidade de presentar os resultados con posterioridade ó resto dos compañeiros, avaliarase positivamente a capacidade de traballo, a tenacidade e a claridade expositiva e o emprego de novas tecnoloxías (presentacións dixitais, vídeos, gráficos en excel, internet) e o respecto aos prazos de entrega. Para ser puntuados os traballos deberán presentarse dentro do prazo marcado. Para a cualificación dos traballos avaliarase positivamente a capacidade de traballo, a disposición para traballar en grupo respectando os compañeiros, a claridade expositiva, a corrección expresiva, a calidade do contido e a adecuación do mesmo ao tema proposto para o traballo.

e) Actividades entregadas: Para ser puntuadas deberán presentarse dentro do prazo marcado.

Este conxunto de documentos (a) ata e)) será sustituído polo Aula Virtual da materia no posible.

A nota de cada avaliación será calculada mediante a media ponderada dos dous instrumentos:

a) Si o alumno/a obtén na primeira proba menos dun 4 deberá presentarse a unha recuperación da mesma materia e se examina na segunda proba, a nota de este apartado será a nota da segunda proba. A non presentación nesta recuperación será cualificada cun cero. O alumno obterá unha nota media ponderada dos exercicios escritos proporcional ao número de temas (contidos) incluídos en cada proba. En conxunto, estas probas valerán un 90% da nota da avaliación.

b) O 10% restante corresponderá as notas obtidas dos distintos apartados prácticos recollidos na programación: traballo diario, Aula Virtual, blog, caderno... Cada un destes exercicios ponderará en función do tempo asignado para o seu desenvolvemento.

A cualificación mínima para aprobar cada avaliación será un 5.

Cando o alumno faga algúna proba na que recupere os contidos nos que antes tivera unha nota inferior ao 5, terase en conta a nova puntuación para facer o cálculo da media da avaliación correspondente.

Cando o profesor constate que un alumno ou alumna teña copiado nun exame, terá un cero no exame e deberá presentarse a recuperación da materia de ese exame . Si o exame no que copiou é o final de xuño terá un cero no exame, suspenderá a materia e deberá recuperar na Avaliación Extraordinaria.

### **Criterios de recuperación:**

O alumnado que non supere algunha proba de avaliación será convocado, o máis axiña posible, a unha proba escrita que versará sobre os contidos específicos da proba de avaliación non superada. Ademais, abriranse prazos para que poida entregar as tarefas pendentes, ou repetilas, no caso de ser preciso. A cualificación será o resultado de aplicar os instrumentos de avaliación referidos.

O alumnado que non superou as avaliacións parciais, terá que presentarse á proba final (proba escrita), que versará sobre os contidos específicos daquelas avaliacións que ten suspensas.

A cualificación da avaliación ordinaria será calculada como media aritmética ponderada das cualificacións das avaliacións das unidades parciais efectuadas, sen aplicar o redondeo.

Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación.

Entenderase superada a materia cando a cualificación da avaliación ordinaria sexa igual ou superior a 5.

A partir do 5 de xuño darase prioridade á realización de actividades de apoio, de reforzo e de recuperación para o alumnado con materias sen superar e preparación das probas extraordinarias.

O alumnado que non superou a materia na avaliación ordinaria será convocado a unha proba extraordinaria, que versará sobre a totalidade dos contidos expostos, e que se realizará no mes de xuño, nas datas determinadas pola dirección do centro segundo estableza a Orde pola que se aproba o calendario escolar para cada curso.

A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado da proba escrita (aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación). O alumnado supera a materia cando acada una cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicado o redondeo.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Procedemento destinado a:

- Alumnado que cursa segundo curso e ten pendente a materia de Economía de primeiro.
- Alumnado de cambio de modalidade que deba cursar a materia de primeiro.

Os instrumentos de avaliación a empregar serán Táboas de Indicadores (TI) sobre as actividades propostas na aula virtual e Probas Escritas (PE) que serán aplicadas en dous parciais.

**ATENCIÓN A PENDENTES**

O seguimento do alumnado con

materias pendentes corresponderá á xefatura de departamento en coordinación co profesorado de nivel que imparte docencia ao alumno ou alumna. De haber profesor de apoio específico a pendentes, este será o interlocutor preferente sobre a materia.

Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria

Artigo 75. 1.- É competencia do xefe ou xefa de departamento:

h) Realizar as convocatorias, cando corresponda, dos exames para os alumnos e alumnas libres, alumnos e alumnas de bacharelato ou ciclos formativos con materias ou módulos profesionais pendentes, así como as probas extraordinarias, sempre en coordinación coa xefatura de estudios. Presidir a realización dos exercicios correspondentes e avalialos en colaboración cos membros do departamento.

**CURSO:** 2º Bac-B, con 1º BAC.  
**ASIGNATURA:** Economía Profesor:  
Jaime Duque

# APOIO ESPECÍFICO: Profesora Ana regueira.

A aula virtual xoga un papel fundamental na proposta, seguimento, avaliación e recuperación da materia. O departamento didáctico propón unha aula virtual específica para alumnado pendente e un plan de traballo con expresión dos contidos mínimos esixibles e as actividades recomendadas.

## MATERIAIS

Libro de texto do alumnado:  
Penalonga Swers, Anxo.  
Economía. Ed. Mc Graw Hill. 2022

e ss.

Recursos en la web: Aula Virtual específica de Pendentes de Economía.

### HORARIO DE ATENCIÓN:

Profesora de Apoio: XOVES, A 4<sup>a</sup> HORA e VENRES, A 5<sup>a</sup> HORA.

Xefe de Departamento: RECREOS DOS LUNS, na aula de Economía ou no Departamento.

EXAMES ( sobre 10 puntos)

MATERIAIS para preparar a materia.

Libro de texto do alumnado: \*  
Penalonga Swers, Anxo.  
Economía. Ed. Mc Graw Hill. 2022

e ss.

Recursos en la web: Aula Virtual (especialmente, ter en conta a presentación sobre o tema 10).

## DATA MATERIA

**1º PARCIAL:** Entre o 6 e o 10 do mes de novembro. Como medida de flexibilidade, o alumno pode solicitar un aprazamento ata a semana do 20 ao 24 de novembro.

-Temas 1, 2, 3

## 2º PARCIAL:

Segundo Xefatura de Estudos, entre o 8 de xaneiro e o 18 do mes de xaneiro. Estudiarase a posibilidade de aprazamento ata

a semana do 4 a 8 de marzo.

- Temas 4, 5 e 10.

**FINAL:**

2 a 11 de ABRIL: Os parciais non aprobados anteriormente.

**EXAMES ( sobre 10 puntos)**

Primeira proba parcial. Versará sobre os contidos:

Bloque 1. Economía: a ciencia das decisións.

Bloque 2. Crecemento e organización.

Bloque 3. A producción.

Segunda proba parcial. Versará sobre os contidos:

Bloque 4. O mercado.

**Bloque 5. Tipos de mercado.**  
**Bloque 10. O diñeiro e a política monetaria (presentación da Aula Virtual).**

**TIPO DE PROBA DE AVALIACIÓN:**  
Seguirase o modelo do curso anterior. Constará dunha batería de test e cuestións moi curtas, que serán lidas polo profesor responsable do exame e algúns exercicios prácticos.

**CUALIFICACIÓNS:**

A cualificación de cada avaliación parcial calcularase como porcentaxe do total de puntos posibles en cada proba determinada pola aplicación dos

instrumentos de avaliación referidos. Esta nota porcentual convertirase na súa equivalente sobre 10 puntos. Un 5 é o mínimo para superar a proba.

Redondeo da cualificación da avaliación parcial:

-Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.

-Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

A cualificación final calcularase como media aritmética das

cualificacións, sen redondear, das anteriores avaliacións parciais. Entenderase que o alumnado supera a materia cando obteña unha cualificación, aplicado o redondeo, de mínimo 5.

No caso de non superar as probas parciais o alumnado será convocado a unha proba final para recuperar o parcial ou parciais non superados anteriormente.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Son medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado (Artigo 7, Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación).

De ser preciso, desenvolveranse as seguintes medidas de atención á diversidade:

Ordinarias. Aquelas que faciliten a adecuación do currículo, sen alteración significativa dos obxectivos, contidos nin criterios de avaliación, ao contexto do centro e ás características do alumnado. Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

- Adecuación da xestión da aula ás características do alumnado, procurando a participación, o acceso aos recursos, favorecendo a convivencia e aprendizaxe compartida.
- Adecuación da programación didáctica ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.
- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de evaluación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.
- Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.
- Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.
- Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

Extraordinarias. Aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requerir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou una modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren insuficientes.

O alumnado con necesidade específica de apoio educativo é aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da lingüaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condición persoais ou de historia escolar.

O alumnado que presenta necesidade educativas especiais é aquel que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conducta, da comunicación e da lingüaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atención educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

- Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixido a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.
- Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. O docente coordinado polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborará unha proposta de actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimiento e avaliação e adoptará medidas que promovan a súa inclusión.

O docente colaborará co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe.

A avaliação inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliação promoverase o uso de instrumentos de avaliação variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacionés de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliação se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

No posible caso de haber un alumno con diversidade funcional (con problemas de mobilidade, vista e dicción entre outros) neste curso implicaría un grao importante de adaptación de materiais e procedementos:

- Situación do alumno próximo ó profesor e a pantalla e encerado.
- Atención individualizada, sempre que sexa posible.
- Asistencia dun profesor de apoio en case todas as horas da materia (3 de 4 horas).

- Potenciar o máis posible a lexibilidade de textos é gráficos.
- Uso dun equipo informático adaptado do propio alumno, coa mesa e cadeira adecuadas.
- Prioridade a oralidade como medio de comunicación: o profesorado procurará explicar os puntos más relevantes.
- Liberdade de saír, entrar ou recibir asistencia do profesor de apoio e/ou o coidador en calquera momento.
- Posibilidade de entrega dos traballos e exercicios da materia de xeito oral (grabación sonora) ou por medio dun asistente para a escrita.
- Esixencia dunha menor carga de traballos no proceso de aprendizaxe.
- Ampliación do tempo dispoñible pra probas e de prazos para entrega de traballos.
- Aplicación do DUA, seguindo as orientacións do Deseño Universal para o Aprendizaxe (DUA) e para facer accesible o aprendizaxe e as tarefas de cualificación e avaliación a todo o alumnado, utilizarase como instrumento de exame escrito os test e cuestións moi curtas.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade	X	X	X			X	X	X
ET.6 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A igualdade de xénero	X					X		X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade	X			X	X
ET.6 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X
ET.9 - A igualdade de xénero					X

**Observacións:**

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita empresa. A concretar.	Co fin de analizar a toma de decisións dun dos principais axentes económicos.		X	
Charlas formativas a cargo da OMIC: Economía circular.	Charla que pretenden achegar as novas realidades económicas ao alumnado. Solicitada para impartir na o Centro o día 15 de decembro.		X	
Charla formativa a cargo de docentes universitarios especialistas.	Poñer en contacto ó alumnado cos estudios universitarios relacionados coa materia de Economía.			X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Elabora as unidades didácticas utilizando como referente a programación didáctica da materia.
Planifica, coa antelación suficiente e tendo en conta a dispoñibilidade do alumnado, o calendario de probas a realizar segundo a tipoloxía.
Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula en función das características do grupo.
Presenta ao inicio de cada sesión o plan de traballo, sinalando os obxectivos que se pretenden lograr.
Os mínimos de consecución e os criterios de cualificación e recuperación están claramente definidos.
Rexistra e avalía o seguimento da súa propia actuación no desenvolvemento das clases.

Emprega os resultados da avaliación para mellorar o proceso de ensino.
<b>Metodoloxía emplegada</b>
Ofrece ao alumnado múltiples formas de presentación dos contidos e de acción e expresión.
Emprega as tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.
Propón actividades complementarias que contribúan á mellora da aprendizaxe do alumnado.
Fomenta e estimula as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, de expresión escrita e en público.
Emprega na aula un discurso que estimula e mantén o interese do alumnado polos contidos obxecto de estudo.
Emprega instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacíons de aprendizaxe.
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
Relaciona os contidos da materia cos feitos da actualidade.
Estabece as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado.
Participa en actividades de formación dirixidas á actualización de coñecementos científico-técnicos, didácticos e/ou psicopedagóxicos.
Realiza actividades, traballos e proxectos de investigación e innovación educativa relacionados coa práctica docente.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
Inclúe os elementos curriculares na programación didáctica adaptándoo ás características do alumnado e contexto do centro.
Realiza a avaliación inicial co fin de identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa.
Establece criterios e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permitan facer o seguimento do progreso do alumnado e comprobar o grao de adquisición de competencias.
Establece as medidas de atención á diversidade necesarias para facilitar o acceso ó currículo do alumnado.
Propón ao alumnado a realización de actividades de recuperación e reforzo, de enriquecemento e ampliación.
<b>Clima de traballo na aula</b>
Procura a transparencia do proceso de avaliación.
Recoñece o esforzo do alumnado, non só os resultados.
Organiza actividades complementarias axeitadas que completen a aprendizaxe tendo en conta as inquedanzas do alumnado, na procura de facer atractiva a participación no desenvolvemento das mesmas.
Fomenta a participación do alumnado no desenvolvemento da materia, promovendo o debate e a análise crítica dos temas propostos.
Amosa unha actitude aberta e receptiva e fomenta a interacción co alumnado.
Xestiona a intelixencia emocional na aula, facilitando a expresión do alumnado, ensinando estratexias comunicativas.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Presenta e publica a programación didáctica incidindo especialmente na metodoloxía, instrumentos e proceso de avaliación e cualificación.
Planifica a actividade educativa coordinada con outras materias.
Analiza os resultados da avaliación cos alumnos e alumnas. Informa dos logros acadados e dificultades atopadas, propoñendo estratexias de mellora.

**Descripción:**

Tal e como establece a normativa, "O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes."

Tales indicadores consisten nunha serie de items que permiten reflexionar sobre a actuación co alumnado e os aspectos reflectidos na programación:

- planificación,
- a motivación do alumnado,
- desenvolvemento do proceso de ensino,
- idoneidade dos materiais empregados e das actividades propostas
- e seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe

Valoraranse de 0 a 5.

Obxectivos da avaliación da práctica docente:

- Axustala ás peculiaridades do grupo e a cada alumno/a.
- Comparar a planificación curricular coa súa execución.
- Favorecer a reflexión individual e colectiva.
- Mellorar a comunicación e coordinación.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Ao iniciar o curso revisarase a programación a partir das propostas de mellora recollidas na correspondente memoria do departamento do curso anterior.

A avaliación da presente programación farase a través do seguimento na aplicación Proens ao final de cada unidade didáctica por parte do/a profesor/profesora que imparta a materia e nas reunións mensuais de departamento.

Nas reunións de departamento comprobarase o grao de consecución dos obxectivos programados e as dificultades que se poidan atopar, ademais, poderán introducirse medidas correctoras se estas se estiman oportunas. Todas as posibles propostas de mellora reflectiranse na Memoria Final para introducir as modificacións necesarias na programación do curso seguinte.

As ferramentas a empregar para analizar o grao de cumprimento dos indicadores de logro poden consistir en:

- Diario de aula.
- Rúbrica de autoavaliación para cuantificar o grao de consecución de obxectivos, criterios de avaliación e contidos.
- Estatísticas de resultados.
- Cuestionarios e enquisas ao alumnado.

## 9. Outros apartados

### 1. Ningún comentario

Ningún comentario.